

TEXTO INSTRUTIVO

Características xerais:

- pretender **guiar** o receptor e, para iso, presentar de maneira clara e precisa unha **sucesión de pasos ou procedementos**;
- usar **verbos en 2ª persoa**, nos tempos presente de indicativo (colles á esquerda) ou imperativo (colle á esquerda), así como **en 3ª con valor impersonal** (cóllese á esquerda);
- ter **construcións de obrigatoriedade**, como a perífrase TER QUE + INFINITIVO (tes que coller á esquerda);
- empregar **marcadores textuais de orde**: en primeiro lugar, para empezar, despois, a seguir, finalmente...

Un exemplo:

Cando vaias lavar as mans, non esquezas poñer atención nunha serie de puntos.

En primeiro lugar, asegúrate de que dispós dunha toalla limpa e seca preto. Se non é así, antes de máis nada debes ir por ela.

A continuación, remanga a roupa, se levas manga longa, e abre a billa. Pon auga preferibelmente morna ou quente, pois así sacarás mellor a sucidade. É importante que non abras a auga con máis forza da necesaria, ou zarrapicarás todo.

- **A seguir**, enxabóate ben e rápido. Se tardas, convén que peches a billa mentres o fas. **Unha vez que** esteas ben enxaboad e acabes de fregar as mans a fondo por todos os lados, aclárate ben. **Ao rematares**, pecha a billa e sécate coa toalla.

Por último, antes de saír comproba que non deixaches nada sucio ou mollado. Se é así, emprega papel hixiénico ou a propia toalla para deixar o lavabo tal como o atopaches, en perfectas condicións para que outra persoa o poida usar.